



XI MARCHA RIO ULLA BTT CONCELLO DE TOURO

- Denominación: XI Marcha Río Ulla en BTT Concello de Touro
- Organizador: Concello de Touro.
- Data: Domingo 23 de marzo de 2025
- Hora: 9:30 a 13:30 h.
- Localidade Saída: Touro
- Localidade Chegada: Touro
- Modalidade: Evento deportivo non federado
- Categoría: Maiores 18 anos (14 a 17 anos con autorización)

REGULAMENTO DA PROBA

1. O Concello de Touro (en diante O Concello), organiza a XI Marcha Río Ulla en BTT Concello de Touro, que se celebrarán o día domingo, 23 de marzo de 2025 con saída e chegada no campo da festa de Touro. A saída darase ás 09:30 h e a chegada do último participante non poderá superar ás 13:30 horas.
2. A actividade encádrase como proba de Cicloturismo-BTT, que implica un exercicio físico con fins de ocio, turístico ou cultural, polo que se exclúe expresamente a competición. As persoas participantes, coa súa inscrición, manifestan encontrarse fisicamente aptas para a actividade.
3. Poderán participar na ruta todas aquelas persoas, maiores de idade, que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición. Aquelas que teñan entre 14 anos e 17 anos cumpridos, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor/a, xunto cunha copia do DNI da persoa que a autoriza. Todas as persoas inscritas serán consideradas como participantes en excursión persoal, polo que deben atermos ás normas do vixente código de circulación, e deberán responsabilizarse persoalmente das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada, agás puntualmente na saída da proba, polo que as participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puidesen contraer as persoas participantes durante o percorrido.
5. Será imprescindible o uso do casco homologado para ciclismo de montaña para participar na marcha e non levalo implica a retirada automática do dorsal.
6. Non está permitido levar animais de compañía no transcurso da actividade.



7. Só será considerada participante da XI Marcha Río Ulla en BTT , a persoa que cubra total e correctamente a inscrición a través da plataforma de inscricións.
8. O prezo da inscrición será de 12 €uros. Os participantes menores de idade, entre 14 e 17 anos, inscrición gratuíta, coa condición de que a súa inscrición vaia vinculada a de un participante maior de idade. O pagamento deberá facerse no momento da inscrición.As inscricións consideraranse definitivas, polo que unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar, non se realizará a devolución do seu importe.
9. O número máximo de participantes será de 300.
10. As inscricións pecharanse o xoves 20 de marzo de 2025 ás 23:59 h. ou cando se alcance o número máximo de inscritos.
11. As comunicacións da organización faranse polos seguintes medios: Plataforma de inscricións. Páxina web do Concello de Touro. Perfiles de redes sociais do Concello de Touro.
12. Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunha hora prefixada. No caso de superar os horarios, a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
13. A organización resérvase o dereito a modificar horarios e/ou percorridos, así como a aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.
14. A Organización preveu avituallamentos suficientes, tanto sólidos como líquidos, para realizar o percorrido convenientemente..
15. Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.
16. A organización disporá dos servizos de asistencia sanitaria e ambulancia durante o transcurso da marcha. A actividade conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes colectivos coas coberturas reguladas polo RD 849/1993, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo. A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer no caso de imprudencias ou negligencias dos participantes, ou por non seguir as normas da proba.
17. A inscrición leva consigo a aceptación deste regulamento e implica obrigatoriamente que a persoa participante lle autoriza á organización da proba a gravación total ou parcial da súa participación nesta e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da proba de todos os xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, Internet e redes sociais...).



18. A inscrición, ademais do indicado no punto anterior, supón aceptar as normas da organización e renunciar a todos os dereitos contra a organización, derivados dos danos que poida sufrir no seu transcurso